

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**

SALCEDA DE CASELAS

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL*

*ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

Por acordo do Pleno de data 27.08.2020, aprobouse definitivamente o Regulamento de Participación Veciñal que se transcribe a continuación, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

**REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

*ÍNDICE*

*PREÁMBULO*

*TÍTULO PRELIMINAR.—DISPOSICIÓN XERAIS*

Título 1.—DAS ASOCIACIÓN VECIÑAIS E DO SEU REXISTRO MUNICIPAL

Título 2.—DA PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Título 3.—DO CONSELLO VECIÑAL

Título 4.—DA PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

*DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

*DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA*

*PREÁMBULO*

O dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, o acceso á información e a participación cidadá, constitúen parte inseparable da sociedade democrática.

Para que este mecanismo funcione é preciso que a instancia política fomente a participación da veciñanza, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio.



A participación cidadá é un dos puntos fundamentais da política democrática dun país e de cada un dos seus Municipios. A mesma foi regulada en diferentes normas, desde a Constitución Española de 1978, pasando pola Carta Europea de Autonomía Local, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e as Recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa.

En virtude do disposto na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, os concellos deben establecer e regular en normas de carácter orgánico os procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación da veciñanza nos asuntos da vida pública local. Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V e artigos 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 4.1. e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), o Concello de Salceda de Caselas, como complemento a estas, pretende desenvolver unha norma regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos da veciñanza e das entidades que os aglutinan e nas cales se organizan, nomeadamente as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariais, xuvenís, de protección ambiental, de igualdade da muller, de sector, etc. que desenvolven a súa actividade no Concello. É indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedor da democracia representativa.

De non existir vías para a intervención directa da veciñanza na construción do noso futuro como pobo, moitas posibilidades de mellora poden ser estragadas e moitas enerxías desperdiciadas. Un Concello aberto e democrático debe impulsar a acción da cidadanía para acadar unha convivencia plena de dereitos e unha preocupación pola problemática social e cultural do noso pobo.

A participación veciñal, o potenciamento do asociacionismo e o recoñecemento da parroquia como ente con vida propia, son as tres ideas fundamentais deste Regulamento de Participación Veciñal.

### *TÍTULO PRELIMINAR.—DISPOSICIÓN XERAIS*

Artigo 1.—O Concello de Salceda de Caselas, no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que outorgan os artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 24.b) do Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, regula a organización e o réxime de funcionamento de participación cidadá no seu Municipio.

O obxecto do presente Regulamento é garantir o exercicio dos dereitos de participación mediante a creación dos mecanismos que permitan facilitar a máis ampla información sobre a



Luns, 7 de setembro de 2020

Núm. 172

actividade municipal, promovendo a participación da veciñanza, así como das entidades veciñais na xestión municipal.

Os preceptos deste Regulamento aplicaranse preferentemente sempre que non vaian en contra de disposicións de rango legal que sexan de obrigado cumprimento, tendo en conta que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local ten carácter básico, e, igualmente, os artigos 1, 2, 3.2, 12, 13, 14, 15, 16, 18, 22, inciso primeiro, 25, 26, 34, 48, 49, 50, 52, 54, 56, 57, 58, 59, 69 e 71 do Texto Refundido de Réxime Local, aprobado por Real Decreto 781/1986, de 18 de abril.

Artigo 2.—Os obxectivos que se pretenden acadar co presente Regulamento, e que teñen carácter de principios básicos, son os seguintes:

Dar a maior información posible sobre as actividades e a xestión municipal ao mesmo tempo que se facilita e promove a participación veciñal, individual ou en grupo, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos municipais.

—Crear organismos de participación, xa sexa por sectores ou territorios, a fin de que as propostas da veciñanza sexan canalizadas e tidas en conta.

—Fomentar o asociacionismo entre a veciñanza de Salceda de Caselas nas áreas máis diversas: veciñais, de pais e nais do alumnado, da mocidade, culturais, deportivas e outras de interese cidadán.

—Achegar a xestión municipal á veciñanza de Salceda de Caselas, ao mesmo tempo que serve de garante á solidariedade e ao equilibrio entre as distintas parroquias e lugares do Concello.

—Crear os órganos e mecanismos que garanten o dereito de consulta da veciñanza, conforme ó establecido no artigo 70.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 3.—Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 70 da lei 7/1985, de 2 de abril.

#### *TÍTULO 1.—DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E DO SEU REXISTRO MUNICIPAL.*

Artigo 4.—O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitir coñecer ao Concello o número de entidades existente no municipio, os seus fins e a súa representatividade, aos efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo e de participación veciñal.

Artigo 5.—O Rexistro Municipal de Entidades Cidadás será único para todas as Asociaciónse Entidades, que cumpran os requisitos solicitados no artigo seguinte.

As asociacións inscritas están obrigadas a actualizar os datos do rexistro notificando cantas modificacións se producisen. A estes efectos, unha vez aprobada con carácter definitivo a presente normativa, abrirase un período de tres meses para a actualización do Rexistro de Asociacións.



Luns, 7 de setembro de 2020

Núm. 172

**Artigo 6.**

6.1.—As asociacións que desexen participar na vida municipal, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

6.2.—Poderán inscribirse as asociacións, fundacións e entidades cidadás sen ánimo de lucro, legalmente constituídas conforme á normativa vixente, que teñan como obxectivo a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e as veciñas do Municipio, as súas normas de funcionamento sexan democráticas e cuxa sede ou delegación estea establecida no mesmo.

6.3.—Estas entidades ou asociacións poderán solicitar a inscrición no Rexistro de Entidades, presentando a seguinte documentación:

- a) Solicitude de inscrición dirixida á Alcaldía.
- b) Copia auténtica do CIF da Asociación.
- c) Copia auténtica dos Estatutos Sociais, legalizados diante da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, Consellería de Xustiza ou doutra Administración.
- d) Certificación expedida pola Secretaría da entidade e co visto e prace da Presidencia acreditativa do número de persoas socias que ten a 31 de decembro do ano anterior.
- e) Certificación expedida pola Secretaría da entidade e co isto e prace do Presidencia das persoas que integran a Xunta Directiva, con expresión dos seus cargos, domicilio e número de DNI.
- f) Sede social (endereço, teléfono e outros datos útiles para a mellor localización).
- g) Correo electrónico a efectos de notificación.

6.4.—Se a documentación presentada fose incompleta ou non reunise as condicións sinaladas no apartado anterior, outorgarase un prazo de 10 días para proceder a súa emenda. Transcorrido dito prazo sen atender ao requirimento a petición terase por desistida e arquivarase sen máis trámites mediante resolución de Alcaldía.

Se a documentación achegada fose válida, a Alcaldía, mediante resolución disporá a inscrición cun número que lle corresponda no Rexistro Municipal de Asociacións. A partires da data de comunicación do número de inscrición, considerarase que a asociación está dada de alta a todos os efectos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello.

6.5.—As Asociacións inscritas no Rexistro deberán comunicar anualmente ao concello calquera cambio na composición da xunta directiva, nun prazo de 30 días dende que se produza.

Así mesmo deberán presentar antes do 1 de febreiro de cada ano, a certificación acreditativa do número de persoas socias que teñan a 31 de decembro do ano anterior.

6.6.—As asociacións poderán causar baixa no rexistro por petición expresa das mesmas que se realizará por solicitude asinada pola presidencia da asociación.



A perda da condición de asociación inscrita dará lugar á perda dos dereitos de uso de instalacións e medios municipais.

Artigo 7.—As asociacións que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións e participen na vida municipal suxeitas ao presente Regulamento, terán os seguintes dereitos:

- a) Participar na xestión municipal nos termos contemplados no presente regulamento.
- b) Propor ás súas persoas representantes nos órganos de participación que contemple este regulamento.
- c) Ser notificadas das convocatorias e ordes do día dos plenos, cando figuren cuestións consideradas pola Asociación.
- d) Recibir as publicacións periódicas que edite o Concello, se así o solicitan.
- e) Acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente aos locais, coas limitacións que imponha a coincidencia de uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado. O uso dos medios públicos municipais, deberá ser solicitado e concertado previamente.
- f) Percibir subvencións dentro das posibilidades orzamentarias municipais nos prazos, procedementos e cantidades que se determinen para ese fin. As ditas subvencións poderán ser tanto para gastos ordinarios de funcionamento como para o desenvolvemento ou promoción de actividades concretas.
- g) Os dereitos recoñecidos ás Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, recoñecidos neste regulamento, soamente serán exercitables por aquelas entidades ou asociacións que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

## TÍTULO 2.—DA PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Artigo 8.—A Administración Municipal favorecerá o desenvolvemento das Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, facilitaralles a máis ampla información sobre as súas actividades e dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos.

Artigo 9.—O Concello recabará a opinión das Asociacións naqueles asuntos que lles afecten.

Artigo 10.—Constitúen dereitos de toda a veciñanza:

- a) O acceso aos expedientes e documentos municipais que lles afecten persoalmente ou nos que estean interesados lexitimamente, sempre que non se vulneren os dereitos de terceiras persoas.
- b) Obter copias e certificacións do Concello coa salvidade anteriormente sinalada.

Artigo 11.—No Rexistro Xeral do Concello atóparase, á disposición da veciñanza, papel impreso para formular as súas peticións.

Así mesmo, na sede electrónica do concello están publicados os modelos de solicitude telemática, sendo obrigatorio para as asociacións, ao tratarse de persoas xurídicas, relacionarse



Luns, 7 de setembro de 2020

Núm. 172

electrónicamente coas Administracións Públicas, de conformidade Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 12.—No Rexistro Xeral do concello existirá un Libro de Queixas e Reclamacións a disposición de toda a veciñanza para a recollida das que afecten ao funcionamento da Administración Municipal.

Artigo 13.—As convocatorias e orde do día das sesións plenarias faranse públicas na sede electrónica e na páxina web do concello.

### *TÍTULO 3.—DO CONSELLO VECIÑAL*

Artigo 14.—Os órganos específicos para canalizar a participación veciñal, será o Consello Veciñal e no seu caso consellos sectoriais ou territoriais que se constitúan.

Artigo 15.—O Consello Veciñal é un órgano que desenvolve a súa función no ámbito territorial de cada unha das parroquias e barrios do municipio e tamén nos distintos ámbitos sectoriais. É un órgano de participación directa da veciñanza agrupada en asociacións ou entidades para facer chegar as súas iniciativas aos distintos órganos do Concello.

Artigo 16.—O Consello Veciñal, é un órgano de participación, información, seguimento e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencias, integrados por concelleiros/as, e por representantes de asociacións, baixo a presidencia da alcaldía ou concelleira/o en quen delegue.

Artigo 17.—O Consello Veciñal estará formado por:

- a) A presidencia, que será ostentada pola alcaldía ou concelleiro/a no que a alcaldía delegue.
- b) Tres concelleiras ou concelleiros designados pola alcaldía.
- c) Un representante de cada unha das asociacións rexistradas no concello e que soliciten a participación no Consello, nomearase tamén unha persoa suplente por cada representante.

Artigo 18.—O Consello Veciñal, podendo facer uso dos locais e medios públicos municipais, reunirse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses convocado pola presidencia ou de forma extraordinaria cando o estimen necesario para o cumprimento dos seus obxectivos, ou cando o demanden unha cuarta parte das persoas que o integran e sempre antes da conformación o orzamento xeral municipal, co obxecto de que se realicen suxerencias ao capítulo VI do orzamento de gastos.

Artigo 19.—As reunións do Consello Veciñal son sempre públicas e abertas á veciñanza, que terá voz para tratar e expoñer asuntos de interese. A intervención de persoas particulares interesadas no asunto que se aborde, será cando así o teña solicitado antes de comezar a reunión.



Artigo 20.—As funcións do Consello Veciñal son:

- a) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas no seo do mesmo e ser trasladadas ás comisións informativas
- b) Informar ao Concello sobre problemas específicos relacionados co seu ámbito.
- c) Facer chegar á alcaldía ou concellería delegada de participación cidadá as demandas e aspiracións de cada parroquia.
- d) Propoñer aquelas solucións e alternativas aos problemas da área de actuación, sendo os seus informes de consideración polos órganos do Concello a quen lles corresponda decidir sobre o asunto.
- e) Proceder ao seguimento dos acordos adoptados polo Concello sobre as propostas do Consello Veciñal.
- f) Facer suxerencias na elaboración do capítulo VI “Inversións reais” do orzamento municipal. O goberno municipal recollerá, as propostas de interese pública e factibles economicamente, procurando un reparto equilibrado, non discriminatorio e respectuoso con todos os sectores.
- g) Trasladar ao Pleno do Concello as propostas, queixas e preguntas da veciñanza.
- h) Informar á veciñanza e entidades da actividade municipal en xeral e da actividade do propio consello.
- i) Calquera outra que se estime oportuna e se inclúa dentro do seu réxime de funcionamento interno.

Artigo 21.—Ademais do Consello Veciñal, poderanse constituír outros consellos sectoriais ou territoriais que se consideren oportunos por acordo plenario e a proposta da concellería-delegada de área, como Consellos Municipais Sectoriais de Cultura, Sanidade e Saúde, Deportes, Educación, Medio Ambiente, Medio Rural, Infancia, Muller e Persoas Maiores e todos aqueles que o Concello considere necesarios.

Artigo 22.—Dos acordos tomados polo Consello Veciñal darase conta na primeira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

Artigo 23.—O Consello Veciñal aprobará o seu regulamento de funcionamento interno no prazo de tres meses a partir da súa constitución: no mesmo regularase a composición, funcións, creación de comisións de traballo se é o caso, etc.

#### *TÍTULO 4.—DA PARTICIPACIÓN NOS PLENOS MUNICIPAIS*

Artigo 24.—Os Plenos Ordinarios celebraranse nos termos establecidos no artigo 33.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas (BOPPO núm. 222 de 19.11.2019)

Os Plenos da Corporación serán sempre abertos e o Concello deberá garantir o acceso e a estancia digna e cómoda de todos os veciños e veciñas que desexen asistir ás sesións. Cando se preveza a asistencia dun importante número de persoas e que polo tanto o aforo do Salón





Luns, 7 de setembro de 2020

Núm. 172

de Plenos da Casa Consistorial non sexa suficiente para garantir o acceso, a Alcaldía habilitará para a celebración da Sesión un local con aforo suficiente.

Artigo 25.—O Consello Veciñal, a través das persoas que o representen, poderá intervir nos plenos ordinarios unha vez finalizada a sesión, para efectuar unha exposición ante este órgano sobre as queixas, propostas e preguntas da veciñanza que foran tratadas no Concello Veciñal ou trasladadas á Comisión Directiva do Consello.

Esta intervención deberá solicitarse a través dun escrito dirixido á Alcaldía con 5 días de antelación respecto da data de celebración da sesión plenaria. En dito escrito deberán xustificar e motivar a solicitude, así como indicar o nome e apelido da persoa.

O tempo de exposición non poderá exceder do que se concede aos grupos políticos municipais no artigo 40 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello.

Esta intervención poderá ser contestada pola alcaldía ou polo concelleiro ou concelleira competente.

O número máximo de intervencións/asuntos a tratar en cada sesión será de dúas elixidas por orde de rexistro.

A alcaldía poderá denegar a intervención nos seguintes casos:

- Se é un asunto sobre o que o concello non ten competencias.
- Se xa se presentou noutra sesión plenaria outra petición sobre o mesmo ou similar asunto no último ano.

Artigo 26.—No caso de propostas ou mocións que requiran aprobación e que presenten as asociacións ou entidades rexistradas deberán ser ditaminadas pola Comisión Informativa correspondente antes do seu paso ao Pleno.

Artigo 27.—Por cuestión de orde e salvo cuestión de urxencia, a participación da veciñanza nos plenos canalizarase a través do consello de Participación Veciñal. É dicir, se unha persoa ou grupo de persoas veciñas quere expor algunha cuestión ou pregunta no pleno, ao marxe das asociacións, deberá introducila a través do consello de Participación Veciñal, cumprindo este cos requisitos establecidos no artigo 25 deste regulamento.

Artigo 28.—O Consello de Participación Veciñal participará nas sesións plenarias de dous xeitos: a través da dación de conta dos acordos tomados no seu seo e solicitando a participación a través dunha persoa representante para cuestións distintas aos acordos.

Artigo 29.—Unha copia da acta dos Plenos será remitida a ao Consello de Participación Veciñal que se establece neste regulamento.





### *DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

PRIMEIRA: Aprobada con carácter definitivo a presente normativa, abrírase o período de actualización do Rexistro de Asociacións disposto no artigo 5 da presente norma.

Transcorrido dito período, a concellería delegada competente fará as xestións oportunas para que as distintas entidades e asociacións soliciten a participación no Consello Veciñal.

SEGUNDA: Unha vez inscritas as asociacións interesadas na participación no Consello, a alcaldía convocará a unha primeira reunión constitutiva.

### *DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA*

Este Regulamento, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor cando sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local de conformidade co sinalado no artigo 70.2 de dita lei.

Considérase para todos os efectos, e conforme ao disposto no artigo 70 bis.1 da LBRL, parte integrante do Regulamento Orgánico deste Concello.

